

4. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

Xosé Veiras García

4.1. INTRODUCCIÓN

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), a Federación Ecoloxista Galega (FEG), a Sociedad Española de Ornitología (SEO)/Birdlife, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e un grupo de investigadores entre os que figuran varios profesores e catedráticos das Universidades galegas, asinaron no 2001 un documento no que demandaban a ampliación do ámbito territorial do futuro Parque Nacional (PN) das Illas Atlánticas, de forma que se convertese no PN que a costa galega necesita e merece. O documento foi impulsado por ADEGA, que elaborou un borrador ao que se engadiron as achegas do resto das organizacións asinantes.

O documento foi enviado ao Ministro de Medio Ambiente, ao Conselleiro de Medio Ambiente e aos Grupos Parlamentarios do PP, PSOE e BNG no Congreso dos Deputados. PSOE e BNG defenderon o seu contido durante os debates da Proposición de Lei pola que se declarou o Parque, presentada polo Parlamento de Galiza.

A presión social exercida polas organizacións ambientalistas conseguiu unha ampliación importante da superficie mariña do Parque, que pasou das 1.637 hectáreas da proposición inicial a 7.138 hectáreas. Outro logro destacábel foi a inclusión da illa de Cortegada, polo que o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galiza quedou formado polas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada (http://www.mma.es/parques/lared/islas_atlan/index.htm).

Porén, o Parque non incluíu, como se demandaba na proposta de ampliación de ambientalistas e investigadores, tramos de costa continental (Costa da Vela, Costa da Morte, etc) nin illas como as Sisargas. A continuación reproducimos o texto íntegro do documento, cuxa relación completa de asinantes pode ser lida na web de ADEGA (http://www.adegagaliza.org/documentacion/Documentos/lit/pn_illas_atlanticas.doc).

4.2. PROPOSTA DE AMPLIACIÓN

A boa nova da creación do Parque Nacional das Illas Atlánticas, o primeiro Parque Nacional galego, pode quedar en boa medida ensombrecida por unha delimitación timorata e acientífica do mesmo, delimitación que supón excluír boa parte dos valores biolóxicos que xustifican a declaración do Parque e empobrecer a súa capacidade de uso público, así como o seu potencial de ser motor de desenvolvi-



mento socioeconómico para a zona de influencia.

Efectivamente, a delimitación proposta deixa fóra do Parque Nacional algunhas illas de gran importancia ecolóxica, zonas costeiras de alto valor natural, e comunidades submariñas representativas e de moi alta biodiversidade.

Desde a perspectiva da representatividade do Parque Nacional, resulta incomprensíbel deixar fóra do mesmo ás outras illas atlánticas (Rúa-Lobeiras, Sisargas, Cortegada, Estelas,...), aos espazos de alto valor e representatividade da costa adxacente (Costa da Morte, Península do Grove, Cabo Udra, Costa da Vela,...), e ás comunidades submariñas de costa batida da cara W das illas, dunha importancia sobranceira e pouco ou nada representadas na delimitación proposta para o P.N., que sería o de menor superficie de toda a rede española de Parques Nacionais.

Os lindes actuais do Parque Nacional das Illas Atlánticas deixan fóra boa parte dos valores biolóxicos que xustifican a declaración do Parque e empobrecen a súa capacidade de uso público

Desde o punto de vista do uso público, os espazos costeiros permitirían ademais a instalación das infraestructuras e servizos, así como a posibilidade de visita ao Parque Nacional sen ter que depender do estado da mar (é previsíbel que en moitos días de inverno non se poida cruzar ás illas, polo que a visita ao Parque Nacional, coa actual delimitación, quedaría imposibilitada).

Asimesmo, desde a óptica do interese social do Parque, a inclusión das franxas terrestres e das demais illas, permitiría que fose moito maior a porcentaxe de Concellos e de poboación local beneficiada.

En calquera caso, os límites marítimos incluídos na Proposición de Lei pola que se declara o P.N. distan moito de ser xustificábeis, tanto desde o punto de vista ecolóxico como do da xestión. Chamamos a atención sobre o feito de que a limitación do Parque por curvas batimétricas, é dicir, liñas curvas, supón a imposibilidade de realizar unha sinalización física que informe ao visitante da súa posición respecto á normativa aplicábel en cada momento, o que crea un problema de indefensión que adoita ser resolto coa inhibición por parte da Administración da súa potestade sancionadora, o que ademais dunha perda manifesta de autoridade, supón tecnicamente deixación de funcións.

Por outra banda, sería recomendábel ampliar a superficie mariña do futuro P.N. Limitar a franxa marítima aos 10 metros de profundidade, desprovee de coherencia á protección do medio mariño, auténtica riqueza ecolóxica e histórica desta área, agravado pola exclusión de franxa mariña algunha na zona de augas exteriores, é dicir, da cara W de cada unha das Illas, a zona aberta ao Atlántico, posuidora ademais da maior biodiversidade do conxunto.

Na marxe externa das Illas Cíes existen fondos de coral amarelo (*Dendrophylla cornigera*), entre as batimetrías de -40 -50 m, de grande interese ecolóxico e científico, que quedarían fóra dos límites do PN.





Figura 4.1. Acantilado da illa de Ons, no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza, o único de carácter marítimo-terrestre da rede estatal, xunto co do arquipélago de Cabrera, nas Baleares.

Este sería o estado no que ficarían as comunidades mariñas máis representativas coa proposta de límites:

1. O bosque de feofíceas, principalmente *Saccorhiza polyschides*, *Laminaria hyperborea* e *Laminaria ochroleuca*, que representa a comunidade de maior complexidade ecolóxica e riqueza específica, queda moi mal representada, xa que, aparte de que a súa distribución dase entre os -1 e -25 m. teñen preferencia por sustratos expostos ou semiexpostos, polo que a súa presenza dentro do P.N. queda seriamente reducida restando representatividade ao conxunto.
2. Os poboamentos de fauna sésil sobre paredes verticais, situados entre -1 e -15 m, quedan igualmente sesgados, xa que esta comunidade, de altísima biodiversidade, presenta a súa maior importancia en zonas expostas, que novamente fican fóra.
3. Igualmente ocorre coa comunidade de percebe (*Pollicipes cornucopia*), que se ben ten unha distribución batimétrica moito máis reducida (0, -2m) ten as súas poboacións máis representativas nas zonas expostas, de maior osixenación e difícil acceso. Pola contra, a poboación de ourizo (*Paracentrotus lividus*) estaría ben representada dentro dos límites propostos.
4. As comunidades comprendidas nos horizontes das rodofitas, feofitas, o *Gelidium sesquipedale* e o mexillón quedan igualmente incluídos na batimetría proposta, pois ningún deles adoita sobrepasar os -5 m de profundidade. Se ben a exclusión da zona exterior fai que se perda unha interesante mostra destas comunidades.
5. A poboación de *Cystoseira baccata*, aparte de quedar excluída na costa exposta, queda dividida, ao distribuírse até profundidades de -15 m.

A inclusión das franxas terrestres e das demais illas permitiría que fose moito maior a porcentaxe de concellos e de poboación local beneficiada

6. O mesmo ocorre coas poboacións de *Anemonia viridis*, que quedan partidas ao alcanzaren os -25 m.

7. Dúas comunidades de interese, as integradas por corais brandos e os fondos de ofiuroides quedan excluídas do parque ao se daren unicamente en profundidades entre -15, -30 e -10, -20 respectivamente.

Asimesmo, os restrinxidos límites actuais deixan fóra algunha das comunidades de aves máis singulares que a área posúe dentro da Península Ibérica, como son as existentes no Cabo Vilán, Illas Sisargas e outros enclaves da Costa da Morte. Ecosistemas peculiares como son os complexos dunares e lacustres costeiros quedarían igualmente excluídos dentro da actual proposta.

A área proposta tamén deixaría sen protección o rico patrimonio arqueolóxico que xace no medio mariño, de elevado interese e aínda pouco estudado.

Na marxe externa das Illas Cíes existen fondos de coral amarelo entre as batimetrías de -40 e -50 m, de grande interese ecolóxico e científico.

Como conclusión, podemos afirmar que os límites marítimos actuais, de liñas curvas, profundidades someras e zonas excluídas, ofrecen a totalidade das dificultades de conservación e xestión dunha área marítima e ningunha das súas vantaxes, cando a solución sería fácil: delimitación por liñas rectas (as menos posíbeis) e profundidades de -30 e -50 metros na marxe interna e, por suposto, sen excluír as augas exteriores.

En definitiva, a representatividade dos sistemas, criterio base para a inclusión dunha área protexida na rede estatal de Parques Nacionais, fica notabelmente cuestionada: a lei de Parques Nacionais di que debe haber un Parque Nacional representativo das plataformas continentais atlánticas. Esperamos que non se perda a oportunidade de que ese obxectivo se cumpra, sometendo a ampliación e corrección a delimitación proposta para o PN das Illas Atlánticas.